

O Acordo de mellora de emprego e condicións de traballo e retributivas do persoal da Xunta de Galicia supón avances importantes en recuperación de emprego, salarios e dereitos aplicados nos sucesivos recortes, restitúe a negociación colectiva e configúrase como instrumento vivo para mellorar as relacións laborais da Xunta de Galicia.

Recuperación de poder adquisitivo:

- Os incrementos salariais adicionais, non exclúen a ningún colectivo da Administración xeral, supoñen subas entre o 1,8% e o 2,7% por ano e súmanse aos incrementos fixos do 2,25+0,25% en 2019 e do 2+1% en 2020, previstos no II Acordo estatal.
- En 2019 os incrementos totais sitúanse no entorno do 4,50% en 2018 e do 5% en 2020. Nos seguintes anos garántese unha media dun 2% a maiores dos incrementos fixos que se apliquen con carácter xeral nas leis de orzamentos.

Recuperación de emprego

- As taxas de emprego do 108% permiten crear emprego, estabilización de emprego terá como obxectivo reducir a temporalidade por debaixo do 7%, con criterios de desenvolvemento das OPEs.
- Un amplo proceso de provisión e selección 2018-2020 cun mínimo de 4.753 prazas, que contempla os concursos de traslados e un 40% a promoción interna.
- Regulación da funcionarización voluntaria e simplificada de 2.176 prazas con garantías de consolidación retributiva e tipo de prestación, baremación de servizos e primeiro trienio en condición máis beneficiosa, entre outros.

Recuperación de dereitos

- IT o 100% de retribucións.
- Bolsa de horas do 5% por conciliación.
- 50% de redución xornada tras incorporación no primeiro mes tras a incorporación ao posto de traballo despois de tratamentos de especial gravidade.
- Aplicación da ampliación do permiso de paternidade cando se estableza a nivel estatal calquera instrumento normativo.
- Estudo e propostas nos supostos de xubilación parcial cara a modificar a normativa estatal.
- Establecemento doutras xornadas anuais inferiores para persoal con quendas, noites ou especial penosidade.

Froito de propostas da FeSP-UGT na negociación conformase o Acordo de maior calado e transcendencia da Administración Xeral da Xunta de Galicia.

RETRIBUCIÓNS COMPLEMENTO CARREIRA PROFESIONAL

GRUPO SUBGRUPO	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
A1	805,32	1610,64	2440,36	3050,45	3660,54	4270,63	4880,72
A2	568,18	1136,36	1721,76	2152,2	2582,64	3013,08	3443,52
B	613,5	1227	1631,91	2036,82	2454		
C1	555,18	1110,36	1476,78	1843,2	2220,72		
C2	471,18	942,36	1253,34	1564,32	1884,72		
AGRP. P	380,76	761,52	1012,82	1264,12	1523,04		

Contías carreira actualización anual a partir de 2020 cos incrementos xerais das leis de orzamentos

INCREMENTOS FIXOS		
	2019	2020
FIJO	2,25	2,00
PIB 2,5	0,25	1,00
TOTAL	2,25	3,00

OPEs 2018-2020

PROCESOS	2018	2019	2020	TOTAIS
Libre	502	525	550	1577
Estabilización	720	1330	900	2950
Consolidación	226			226
Promoción Interna	200	210	220	630
TOTAL PROCESOS	2.224	2.865	2.470	7.559
TOTAL ESTABILIZACIÓN + CONSOLIDACIÓN	3.176			
TOTAL ESTABILIZACIÓN + CONSOLIDACIÓN + LIBRE	4.753			
ACUMULACION OPE 2016	192			
ACUMULACIÓN OPE 2017	421			
TOTAIS OPE LIBRE ESTABILIDADE CONSOLIDACIÓN	5.366			

Funcionarización	576	800	800	2.176
-------------------------	-----	-----	-----	-------